

Celga

Certificado
Lingua
Galega






Proba A1

Vostede traballa como animador sociocultural do seu concello e, logo de ver esta reportaxe, pensou na posibilidade de organizar unha viaxe ás minas de Lousame. Antes de planear a excursión, ten que lle enviar unha carta ao concelleiro de cultura presentándolle a idea.

Nesa carta, de **300 palabras**, deberá:

- Comentarlle a proposta e explicarlle a finalidade da excursión.
- Achegar algúns datos sobre o complexo mineiro indicando a relevancia que tivo antano.
- Sinalar o papel actual da antiga escola e pór un par de exemplos do que se pode descubrir nela.
- Mencionar a posibilidade de realizar unha ruta polo núcleo de San Finx.
- Pedir unha axuda para o desprazamento e solicitar a aprobación por parte do concello para sacar adiante a iniciativa.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their response to the A1 test question.



Proba A2

A continuación, lea o seguinte texto.

Programa de Educación Viaria promovido polo Concello

O Departamento de Seguridade, atento ás posibilidades de mellorar o benestar social, ten claro que a prevención e a proximidade das forzas de seguridade locais á cidadanía son factores clave para dar paliado algunhas das causas que xeran inseguridade na cidade. A constante información amplíase regularmente co manexo de programas educativos co fin de contribuír á formación de cidadáns participativos en materia de seguridade.


O Programa de Seguridade Viaria que desenvolve o Concello, en colaboración coa Policía local e cos centros de Ensino Primario, pretende axudar a que os máis novos aprendan a previr riscos e a desenvolver hábitos e comportamentos para se saberen enfrontar á problemática do tráfico. Durante o presente curso académico, e por mor da boa aceptación que o programa tivo nos anos precedentes, continúanse a desenvolver actividades relacionadas coa Educación Viaria, como parte das propostas que complementan a formación curricular dos alumnos nas aulas. Deste xeito, aprenden a identificar os sinais de tráfico e o modo máis correcto de circular polas vías como peóns e como condutores, o que tamén é unha maneira de aprender a comportarse ante as distintas situacións que se poidan dar nas rúas.

As medidas de carácter educativo ofrécenselles, a través do Concello compostelán, a centros públicos, privados e concertados da cidade. Os alumnos e os profesores acoden a sesións didácticas coa Policía local, que participa activamente no programa, e complementan os coñecementos teóricos coa visita guiada ao Parque Infantil de Tráfico inaugurado en Amio en marzo do 2005. Durante o curso académico 2004-2005 o balance do programa, que se desenvolveu baixo o epígrafe *Onde está o perigo? Programa de Seguridade Viaria e na Autoprotección*, foi moi positivo: a Policía local amosoulles as dependencias aos grupos interesados e impartíulles sesións didácticas a 1.352 alumnos de 27 centros de ensino composteláns, mentres que o Parque Infantil de Tráfico acolleu 1.441 escolares de 26 colexios. O programa, destinado principalmente a alumnos de 5º e de 6º, ofreceulles algunhas sesións aos escolares máis novos, atendendo á diferenza de idade e coa intención de fomentar o coñecemento das normas de circulación.

(Publicación de Información Municipal, n.º 3, ano 2005, p. 106 – Texto adaptado)

Vostede é o/a director/a dunha escola e acaba de se informar da existencia do Programa de educación viaria. Escríballe unha circular ao profesorado do centro, de **350 palabras**, na que deberá:

- Mencionar o motivo polo que lles escribe.
- Comentar o contido do programa e indicarlles como participar ou acadar máis información.
- Facer unha valoración positiva do programa, sinalando as vantaxes de que os estudantes do seu centro acudan a algunhas sesións.
- Animalos a que participen co seu alumnado.
- Propor unha reunión para falar máis polo miúdo do tema.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their response to the A2 test question.